

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 11091** *Lei 5/2017, do 29 de setembro, pola que se modifica a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, para recuperar a independencia da Corporación RTVE e o pluralismo na elección parlamentaria de seus órganos.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

O artigo 20.3 da Constitución establece que a lei regulará a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso aos devanditos medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.

Para garantir o cumprimento destes mandatos constitucionais, en 2004 constituíuse o Consello para a reforma dos medios de comunicación de titularidade do Estado, integrado por persoas de recoñecida autoridade na materia, e encomendóuselle a elaboración dun informe que contivese unha proposta sobre o modo máis adecuado para a súa articulación xurídica, os contidos de programación máis idóneos e o financiamento máis adecuado.

O principal obxecto da encomenda era establecer un marco normativo que impedise o control gobernamental dos medios de comunicación de titularidade estatal, de forma que puidesen desempeñar con profesionalidade e independencia os labores que lles corresponden nunha sociedade democrática avanzada, garantindo así a veracidade da información, a liberdade de opinión, a difusión do pluralismo cultural e a participación política dos cidadáns.

A Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, asumiu as propostas emanadas deste consello e plasmadas no seu informe, e recolleu a necesidade dunha reforma para elevar as exixencias de neutralidade, transparencia e calidade. Mantendo a titularidade pública da radio e da televisión estatais e confirmando o seu carácter de servizo público, creou a Corporación RTVE como sociedade mercantil estatal dotada de especial autonomía, suxeita no esencial á lexislación reguladora das sociedades anónimas e cuxo capital social será integramente estatal.

A lei optou pola elección parlamentaria, por maioría de dous terzos, dos seus órganos de administración e goberno -salvo dous conselleiros cuxa proposta correspondería aos sindicatos máis representativos a nivel estatal-, para reforzar e garantir a súa independencia. A decisión correspondíase cunha lóxica constitucional intimamente ligada á dinámica do noso sistema de goberno. Na medida en que na recente historia constitucional houbo tanto gobernos con maioría absoluta nas cámaras coma gobernos con maioría simple, e dada a importancia política e social da Corporación RTVE, coa Lei 17/2006 pretendíase asegurar que en tal elección participase sempre a oposición. Con iso, esta regra constituíuse nun principio estrutural do funcionamento da Corporación RTVE e nun dos fundamentos da instauración dun modelo de radio e televisión pública, independente, plural, viable e de calidade.

Artigo único. *Modificación da Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal.*

Modifícanse os seguintes artigos da Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal:

Un. O número 1 do artigo 10 queda redactado da seguinte forma:

«1. O Consello de Administración da Corporación RTVE estará composto por dez membros, todos eles persoas con suficiente cualificación e experiencia profesional, respectando o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes na súa composición, tal e como establece a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.»

Dous. O artigo 11 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 11. *Elección.*

1. Os membros do Consello de Administración serán elixidos polas Cortes Xerais, a razón de seis polo Congreso dos Deputados e catro polo Senado.

2. (Suprimido).

3. Os candidatos propostos deberán comparecer previamente en audiencia pública no Congreso e no Senado, na forma que regulamentariamente se determine, co fin de que ambas as cámaras se poidan informar sobre a súa idoneidade para o cargo. A súa elección requirirá unha maioría de dous terzos da cámara correspondente.

4. O Congreso dos Deputados designará, de entre os dez conselleiros electos, o que desempeñará o cargo de presidente da Corporación RTVE e do Consello. Tal designación requirirá unha maioría de dous terzos da Cámara.

5. No serán elixibles como membros do Consello de Administración da Corporación RTVE os cesados nos supostos previstos no artigo 13 desta lei.»

Tres. O número 2 do artigo 12 queda redactado da seguinte forma:

«2. Se durante o período dos seus respectivos mandatos se produce o cesamento dalgún dos membros do Consello de Administración, as persoas designadas para substituílos serano polo tempo que reste do mandato do seu antecesor. As vacantes deberán ser cubertas polas cámaras por proposta dos grupos parlamentarios.»

Catro. Engádesse un novo artigo 43, co seguinte texto:

«Artigo 43. *Transparencia e atención ao cidadán.*

A Corporación de Radio Televisión Española queda suxeita ás obrigas contidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.»

Disposición transitoria primeira.

Co fin de adaptar a composición do número de membros do Consello de Administración da Corporación RTVE ao disposto na presente lei, procederase, no prazo previsto na disposición transitoria segunda e tras a posterior aprobación da normativa correspondente, á selección primeiro dos candidatos e á posterior elección dun novo Consello de Administración e dun novo presidente da Corporación RTVE e do Consello.

Para esta elección dos novos cargos, se nunha primeira votación non se alcanza a maioría de dous terzos, estes poderán ser elixidos por maioría absoluta en votación posterior efectuada nun prazo non inferior a quince días e sempre que a súa candidatura fose proposta por, polo menos, a metade dos grupos parlamentarios da cámara que corresponda.

Disposición transitoria segunda.

1. As Cortes Xerais aprobarán, no prazo dos tres meses seguintes á entrada en vigor desta lei, a normativa que recolla a selección dos membros do Consello de Administración e do presidente da Corporación RTVE por concurso público coa participación dun comité de expertos designados polos grupos parlamentarios. Este comité fará públicos os seus informes de avaliación e serán remitidos á comisión competente para a correspondente audiencia dos candidatos.

2. En canto non se aprobe a normativa prevista no número anterior, a elección e as comparecencias previstas no artigo 11 da Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, levaranse a cabo conforme o procedemento vixente.

Disposición transitoria terceira.

Non obstante o disposto no número 1 do artigo 12 da Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, e só para a primeira elección conforme o novo procedemento establecido, os conselleiros poderán ser renovados.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de setembro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY